

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS.

En Pontevedra/Vilaboa

INTERVEÑEN

Dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial, de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

D. Cesar Poza González, alcalde do Concello de Vilaboa, actuando en representación do mesmo en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeiro.- O padrón municipal é o rexistro administrativo onde constan as persoas veciñas dun municipio. Os seus datos constitúen proba da residencia no municipio e do domicilio habitual no mesmo. As certificacións que dos devanditos datos expídanse terán carácter de documento público e fidedigno para todos os efectos administrativos.

Segundo.- Os concellos son os encargados de xestionar o padrón municipal de habitantes a través de medios informáticos de acordo co disposto, entre outros, no artigo 17 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 60 do Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais.

Terceiro.- O artigo 17.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, determina que a formación, mantemento, revisión e custodia do padrón municipal corresponde ao concello, de acordo co que estableza a lexislación do Estado, sendo



competencia das Deputacións Provinciais a xestión informatizada dos padróns dos municipios que, pola súa insuficiente capacidade económica e de xestión, non poidan manter os datos de forma automatizada.

Cuarto.- O artigo 36.1.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, atribúelle ás Deputacións competencias na prestación dos servizos de administración electrónica [...] con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Quinto.- Que por medio de Resolución Presidencial (Rex. nº. 2017021955), do 23 de novembro de 2017, apróbase o convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes, que foi prorrogado ata o 14 de febreiro de 2022.

Sexto.- Que o anterior convenio permitiu a implantación, parametrización e posta en marcha da aplicación necesaria para xestionar o padrón municipal de habitantes en 36 concellos adheridos ao convenio de colaboración para a implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes.

Sétimo.- Que a Deputación de Pontevedra ten en proceso a licitación, mediante un procedemento aberto, a contratación dun novo “servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos”, con nº expediente 2021033561.

Oitavo.- Que os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Noveno.- Que a cooperación interadministrativa para a aplicación coordinada da normativa reguladora dunha determinada materia poderase plasmar a través dun convenio no que se prevexan as condicións e compromisos que asumen as partes que o subscriben, tal e como preceptúa o artigo 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Décimo.- A Deputación de Pontevedra, de conformidade coa política de cooperación interadministrativa que se deriva das iniciativas da UE no ámbito da administración electrónica e que se recollen na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, e consciente da demanda e a importancia do servizo do padrón municipal de habitantes para os concellos da provincia de Pontevedra, desexa promover a continuidade a través dun novo proxecto para a implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos.



Décimo primeiro.- Resultando de interese para as partes asinantes a prestación do servizo por parte da Deputación de Pontevedra.

Décimo segundo.- As partes recoñécense a capacidade xurídica necesaria para subscribir este acordo e, en consecuencia, conveñen formalizar este convenio de colaboración (en diante aparecerá denominado como “convenio”) con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilaboa para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos.

Segunda. Ámbito subxectivo

As entidades beneficiarias das actuacións previstas no presente convenio son os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes.

Terceira. Alcance da solución de padrón municipal de habitantes para concellos

É alcance do presente convenio a implantación, parametrización e posta en marcha da solución necesaria para xestionar o padrón municipal de habitantes.

Ademais, será alcance da solución:

- A instalación do sistema, a xestión de acceso do mesmo, identificando perfís e establecendo a autorización dos usuarios ás distintas funcionalidades da solución. Así mesmo realizarase a configuración e posta en marcha do sistema segundo as necesidades de cada concello.
- A integración coa plataforma de administración electrónica existente nos concellos, o que lles permitirá dispor dun servizo que facilite e axilice a realización dos trámites municipais relacionados co padrón de habitantes, reducindo os tempos de espera do cidadán, optimizando o gasto e os recursos existentes e xerando unha administración máis próxima á cidadanía.
- A migración de datos existentes na aplicación actual de padrón de cada concello, evitando no posible a manipulación manual dos datos.



- A xestión do cambio mediante un plan orientado ao persoal do concello para o aprendizaxe dos aspectos técnicos e funcionais da nova ferramenta para a súa correcta posta en funcionamento. Impartiranse os cursos de formación necesarios para o uso do novo entorno, a nivel usuario e a nivel de administración.
- Un soporte ás persoas usuarias que resolva aquelas consultas, incidencias e solicitudes de información derivadas da operatoria e explotación da solución de padrón, tanto por vía telefónica e/ou telemática.
- O mantemento correctivo e evolutivo que garanten a corrección de incidencias e a actualización e inclusión de novas funcionalidades, desde o momento de posta en produción e durante todo o tempo de execución do servizo. O mantemento incluírá a implantación das novas versións da solución de padrón que se desenvolvan durante a execución do servizo.

Cuarta. Obrigas da Deputación de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

1. A implantación, parametrización e posta en marcha da solución necesaria para xestionar o padrón municipal de habitantes.
2. A respectar e protexer a confidencialidade dos datos propiedade dos concellos adoptando as medidas de seguridade que sexan necesarias para tal fin garantindo o cumprimento da normativa básica de protección de datos de carácter persoal.
3. A favorecer a formación e proporcionar o material necesario para que o persoal do concello poida coñecer adecuadamente o contido dos servizos incluídos neste proxecto.
4. A comunicarlle ao concello calquera modificación na prestación dos servizos debida a cambios tecnolóxicos ou legais.
5. A prestar o servizo, a través da empresa adxudicataria, co réxime económico previsto na cláusula sexta.

Quinta. Obrigas do concello

O concello comprométese ao seguinte:

1. Autorizar á empresa adxudicataria para que poida realizar todas as operacións necesarias para a implantación da solución de padrón municipal de habitantes para concellos.

2. Nomear a unha persoa interlocutora única, que actuará como persoa de referencia ante o organismo provincial no desenvolvemento do proxecto. Para estes efectos a persoa interlocutora identificará as persoas idóneas para cada servizo ou área para facilitar a organización de reunións, a execución das tarefas e a obtención dos datos necesarios para a Deputación e a empresa adxudicataria. O concello deberá comunicar, no prazo máximo de 5 días desde a sinatura do convenio, quen é a persoa que actuará como interlocutora.

3. Pór a disposición da Institución Provincial e da empresa adxudicataria, no menor tempo posible e sempre nun prazo non superior a 10 días hábiles desde a

súa solicitude, a información necesaria para facilitar a implantación da solución no concello.

4. Responder as consultas realizadas pola Deputación e a empresa adxudicataria no menor tempo posible, sempre nun prazo non superior a 7 días a partir da recepción da consulta.

5. Colaborar de maneira activa co Organismo Provincial e coa empresa adxudicataria nas visitas ás instalacións do concello, así como na resolución das dúbidas que puidesen xurdir sobre a información obtida.

6. Conservar toda a documentación xustificativa das actuacións realizadas no ámbito do proxecto, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Sexta. Financiamento e réxime económico

O custo total das actuacións obxecto do presente convenio é de 400.000 euros, máis 84.000 euros (correspondente ao 21% de IVE) para facer un total de 484.000 euros para os dous anos de duración do convenio, con cargo ás aplicacións orzamentarias:

Aplicación orzamentaria	Importe Total
22/926.9260.227.06	211.750,00 €
23/926.9260.227.06	242.000,00 €
24/926.9260.227.06	30.250,00 €

Para o desenvolvemento das actividades previstas neste convenio os concellos deberán asumir o pagamento dunha contraprestación económica segundo o previsto no modelo de contraprestación económica e criterios de distribución recollido como anexo I. Este modelo ten carácter dinámico tomando como referencia o número de habitantes de cada



concello na última actualización de poboación do Instituto Nacional de Estatística (INE).

A forma de liquidación será anual e as achegas económicas, segundo o previsto no anexo I, deberán ingresarse na Tesoureira Provincial no primeiro semestre de cada exercicio nos prazos que se sinalen na liquidación que se notifique.

Sétima. Control e seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dúas persoas representantes, unha por parte da Deputación de Pontevedra e outra por parte do concello, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste

convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición desta comisión será a seguinte:

- Pola Deputación de Pontevedra, a persoa deputada provincial con competencias en materia de Novas Tecnoloxías, ou a persoa na que delegue.
- Polo concello, a persoa que exerza a súa Alcaldía ou Presidencia, ou a persoa na que delegue.

A presidencia exerceraa a persoa deputada provincial con competencias en materia de Novas Tecnoloxías, ou a persoa na que delegue.

Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, a presidencia será ocupada pola persoa na que delegue.

Oitava. Modificacións do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

En cumprimento do establecido no artigo 34.1 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de Racionalización do Sector Público Autonómico, o presente convenio poderá ser obxecto de modificación para o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Novena. Resolución

Este convenio resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. En particular resolverase polo incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas que o regulan.



Ademais, serán causas de resolución do convenio as seguintes:

1. Cumprimento da prestación dos servizos obxecto deste convenio.
2. Cumprimento do prazo de vixencia.
3. Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
4. Acordo das partes asinantes despois dunha reunión da comisión de seguimento.
5. Incumprimento das obrigas dunha das partes, comunicado de forma motivada por escrito con quince días de antelación. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e prexuízos causados.

O réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que consten neste convenio consideraranse instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

En calquera suposto de resolución anticipada as partes comprométense a finalizar as actividades en curso.

Décima. Vixencia, duración e prórroga do convenio

Este convenio terá unha vixencia de dous (2) anos con efectos desde o 15 de febreiro de 2022 e poderá prorrogarse, de forma expresa, a través da correspondente addenda, por períodos anuais ou superiores, por outros dous (2) anos, de conformidade co disposto no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A tramitación, subscrición e efectos da prórroga que no seu caso se acorde efectuarase de acordo co previsto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e co resto da normativa aplicable.

Décimo primeira. Réxime xurídico e lexislación aplicable

Este convenio de colaboración ten natureza xurídico-administrativa e rexerá polo previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de citada Lei. Non lle é aplicable a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Para resolver cantas dúbidas ou lagoas puidesen producirse na interpretación, execución, efectos, modificación e resolución do convenio, será de aplicación o disposto no propio convenio e, na súa falta, aplicarase a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de



Contratos do Sector Público.

As partes comprométense a tentar resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidese xurdir no desenvolvemento, interpretación, cumprimento, extinción e efectos deste convenio a través da comisión de seguimento establecida na cláusula sétima. En caso de non ser posible unha solución amigable e proceder o litixio xudicial, a xurisdición competente para coñecer e resolver estas cuestións será a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Décimo segunda. Compatibilidade con outras subvencións

Este convenio é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

O concello deberá comunicar á Deputación de Pontevedra a obtención dos recursos citados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos, de acordo co disposto no artigo 14.d) da Lei Xeral de Subvencións.

Cando as actividades fosen financiadas, ademais de con esta subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación do gasto o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, segundo sinala o artigo 30.4 da Lei Xeral de Subvencións.

O importe da subvención, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceira. Confidencialidade da información

As partes comprométense ao intercambio dos datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito de relación das mesmas partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración deste convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As partes poderán darlle publicidade á existencia deste convenio na forma en que ambas o determinen de mutuo acordo.

Décimo cuarta. Protección de datos

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal.

A contratación do servizo obxecto do presente convenio deberá incorporar entre as súas cláusulas as garantías aquelas previstas no artigo 28 do Regulamento Xeral de Protección de Datos.

En caso de darse tratamentos de datos persoais no contexto da execución de actividades no ámbito do presente convenio, as partes poderán ser responsables, corresponsables ou encargados do tratamento dos datos persoais, sendo a comisión de seguimento do convenio quen determine dita responsabilidade ou corresponsabilidade ou a posible existencia do encargo do tratamento, atendendo ao tratamento de datos persoais particular que teña lugar en cada caso.

A empresa adxudicataria do contrato porá ao dispor da persoa responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das obrigacións establecidas no devandito artigo, así como para permitir e contribuír á realización de auditorías, incluídas inspeccións, por parte da persoa responsable ou auditora autorizada polo devandita persoa responsable, así como informar inmediatamente se, na súa opinión, unha instrución infrinxe a normativa en materia de protección de datos.

Décimo quinta. Notificación electrónica

Tomando en consideración que todas as partes asinantes entran dentro dos suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos e, por tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas, segundo establece o artigo 14.2 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común, as notificacións realizaranse só por medios electrónicos.

Décimo sexta. Cesión de competencias

Este convenio non supón, en ningún caso, a cesión de competencias dunha das partes á outra, nin tampouco a concesión, expresa ou implícita, de dereito ningún.

Décimo sétima. Remisión do convenio ao Tribunal de Contas

Unha vez concluído o exercicio correspondente procederase á remisión do presente convenio ao Tribunal de Contas de acordo co procedemento establecido na Resolución Presidencial nº 2017008767, de data 3 de maio de 2017, en relación co preceptuado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, tendo en conta que os compromisos económicos da Deputación de Pontevedra derivados deste convenio non superan os 600.000,00 euros.



Décimo oitava. Adhesión dos concellos

Os concellos previstos na cláusula segunda poderán adherirse ao establecido no presente convenio achegando a carta de adhesión prevista como anexo II.

Unha vez recibida a solicitude de adhesión, a Deputación de Pontevedra comprobará o cumprimento dos requisitos previstos, e, no seu caso, mediante resolución ou acordo por parte do órgano competente, aprobará a citada solicitude, acto que será oportunamente notificada ao concello solicitante.

Despois de ler as dúas partes, este convenio asínano como proba de conformidade as persoas interviñentes.

Asinado dixitalmente.



Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación (CSV):L0V54X18TME7BWSQ

ANEXO I - MODELO DE CONTRAPRESTACIÓN ECONÓMICA ANUAL

POBOACIÓN CONCELLOS	PAGO ANUAL POR ENTIDADE
De 501 a 5.000	500,00 €
De 5.001 a 10.000	1.000,00 €
De 10.001 a 15.000	1.200,00 €
De 15.001 a 20.000	1.700,00 €
De 20.001 a 30.000	2.000,00 €
De 30.001 a 50.000	3.000,00 €

ANEXO II - CARTA DE ADHESIÓN



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS

ANEXO II – CARTA DE ADHESIÓN

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Concello: NIF:

DATOS DA PERSONA REPRESENTANTE

Nome: 1.º apelido: 2.º apelido: NIF:
En calidade de alcalde/sa ou presidente/a: Correo-e:

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: Persoa solicitante Persoa representante

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos mediante o Servizo de Notificacións Electrónicas, dispoñible a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>. Poderá acceder á notificación empregando un certificado asociado á persoa solicitante ou representante indicada.

Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico indicado a continuación. Correo-e:

DECLARACIÓN RESPONSABLE

A persoa representante declara:

1. Que o órgano competente do Concello acordou solicitar a adhesión ao "Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos", co obxectivo de facilitar unha solución para a xestión informatizada do servizo do padrón municipal de habitantes.
2. Que o Concello coñece e acepta as obrigas e o réxime económico previstos no devandito convenio.
3. Que non concorre ningunha circunstancia das previstas no artigo 13, apartados 2 e 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SOLICITUDE

A vontade do Concello de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxección plena a todas elas.

DOCUMENTACIÓN

A probación do convenio polo órgano competente do Concello

PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable do tratamento	Deputación de Pontevedra
Finalidades do tratamento	Xestionar o presente solicitude
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos
Destino dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos
Máis información e contacto coa persoa delegada de protección de datos	https://www.depo.gal/proteccion-de-datos

SINATURA

Lugar e data: de de

